



Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A.
Comisaría de Augas
Ourense

Anuncio

Expediente: A/32/24950

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (BOE do día 30), faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, de data 09/04/2021, e como resultado do expediente incoado para o efecto, foille outorgada ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF), Consellería de Medio Rural, a oportuna concesión para aproveitamento de 300 m3 de auga a derivar dun afluente do río Cerves, na paraxe de Serra da Chan de Moreiras, Penavaqueira, Melón (Santa María), termo municipal de Melón (Ourense), con destino a extinción de incendios.

O xefe do Servizo Territorial. Asdo.: José Alonso Seijas.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.
Comisaría de Aguas
Ourense

Anuncio

Expediente: A/32/24950

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, de fecha 09/04/2021, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Servicio de Prevención de Incendios Forestales (SPIF), Consellería de Medio Rural, la oportuna concesión para aprovechamiento de 300 m3 de agua a derivar de un afluente del río Cerves en el paraje de Serra da Chan de Moreiras, Penavaqueira, Melón (Santa María), término municipal de Melón (Ourense), con destino a extinción de incendios.

El jefe del Servicio Territorial. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.145

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A.
Comisaría de Augas
Ourense

Anuncio

Expediente: A/32/22170

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (BOE do día 30), faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, e como resultado do expediente incoado para o efecto, foille outorgada ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Ourense, a oportuna concesión para aproveitamento de 60 m3 de auga a derivar do regato de Carballo no Meixón - Vilamaior da Boullosa (Santa María), termo municipal de Baltar (Ourense), con destino a extinción de incendios.

O xefe do Servizo Territorial. Asdo.: José Alonso Seijas.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.
Comisaría de Aguas
Ourense

Anuncio

Expediente: A/32/22170

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Servicio de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales de Ourense, la oportuna concesión para aprovechamiento de 60 m3 de agua a derivar del regato de Carballo en O Meixón - Vilamaior da Boullosa (Santa María), término municipal de Baltar (Ourense), con destino a extinción de incendios.

El jefe del Servicio Territorial. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.146

IV. ENTIDADES LOCAIS
IV. ENTIDADES LOCALES

Celanova

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 3 de maio de 2021, aprobáronse a convocatoria do proceso selectivo e as bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal de dúas (2) persoas traballadoras para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos: (1) operario de limpeza viaria-condutor/a-maquinista e (1) operario de limpeza viaria e de parques e xardíns, polo sistema de concurso-oposición.

Xúntanse as bases xerais e específicas reguladoras que rexe-rán a convocatoria.

Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal de dúas (2) persoas traballadoras para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos: (1) operario limpeza viaria-condutor/maquinista e (1) operario de limpeza viaria e de parques e xardíns, polo sistema de concurso-oposición.

A) Bases xerais

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección e posterior contratación laboral temporal de dúas (2) persoas traballadoras para a cobertura temporal dos postos de traballo que actualmente se atopan vacantes na RPT (persoal laboral fixo) e que a continuación se indican durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva:

Cobertura temporal de postos de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva:

- (1) Operario de limpeza viaria e de parques e xardíns.

- (1) Operario de limpeza viaria e condutor/maquinista.

Para este ano 2021, de forma similar aos exercicios anteriores, a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 - LPGE 2021-, sinala no seu art. 19.catro que "Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos, excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Xustifícase a presente convocatoria, para os efectos previstos no precitado artigo 19.catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, do xeito seguinte:



a) Carácter excepcional do nomeamento de persoal laboral temporal:

A contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de limpeza viaria-condutor/a-maquinista e dun/dunha operario/a de limpeza viaria e de parques e xardíns Departamento de Obras e Servizos, ten carácter excepcional porque existe unha necesidade de reforzar o devandito departamento que conta con amplas funcións e pouco persoal, co obxecto de poder dar cumprimento a todas as funcións encomendadas (limpeza das rúas da vila, limpeza de franxas de maleza, roza de montes, mantemento de parques e xardíns...)

A situación de vacante destas prazas débese á conxelación da oferta de emprego pública imposta desde a Administración xeral do Estado ás entidades locais dende o ano 2011, xa que, dada a escaseza de persoal que soporta este concello, a súa cobertura resulta imprescindible.

b) Necesidade urxente e inaprazable:

A contratación laboral temporal dun/dunha operario/a de limpeza viaria-condutor/a-maquinista e dun/dunha operario/a de limpeza viaria e de parques e xardíns Departamento de Obras e Servizos, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo que se pretende cubrir é só acudindo ás contratacións de referencia pode a Administración resolver a necesidade xurdida.

A procedencia de cubrir os devanditos postos é debida á necesidade de proceder á limpeza das pistas e camiños de titularidade municipal, limpeza das rúas, mantemento dos xardíns e parques e para garantir o bo funcionamento dos servizos de obras e medio ambiente.

Igualmente, esta necesidade viuse incrementada pola actual situación da COVID-19, que implica unha maior necesidade de adoptar medidas hixiénico-sanitarias.

A ocupación das prazas vacantes, débese levar a efecto de forma necesaria e urxente para o normal funcionamento dos servizos públicos. A urxencia e imposibilidade a aprazamento das contratacións laborais temporais está motivado polo volume de traballo existente no departamento, que o fai imprescindible, así como á imposibilidade absoluta de adoptar outras medidas ou fórmulas que permitan a continuación do servizo.

A contratación do persoal laboral temporal ten carácter urxente, razón pola que os procedementos de selección deben ser suficientemente áxiles para poder cubrir os postos no tempo requirido, pero sen que isto signifique de ningún xeito un sacrificio do principio de libre concorrência.

Segunda.- Número e características das prazas convocadas.

O número de prazas para cubrir, obxecto do proceso selectivo, así como a súa denominación e características son as que a continuación se especifican:

Persoal laboral temporal:

- (1) Operario de limpeza viaria e de parques e xardíns. Encádrase na RPT como Persoal laboral. Grupo V. Nivel de complemento de destino: 12, Complemento específico anual (anexo de persoal orzamento 2021): 2.742,40 euros.

- (1) Operario de limpeza viaria e de condutor/maquinista. Encádrase na RPT como persoal laboral. Grupo V. Nivel de complemento de destino: 12, Complemento específico anual (anexo de persoal orzamento 2021): 3.270,22 euros.

Os datos relativos ao complemento específico teñen carácter meramente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, estando supeditado á consignación orzamentaria.

Terceira.- Modalidade da contratación.

Cobertura temporal de postos de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.

A modalidade contractual laboral será o contrato de interinidade por vacante, regulada no artigo 4.1 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O carácter do contrato será temporal entendéndose extinguida esta relación pola cobertura dos postos por persoal laboral fixo, pola súa amortización ou pola decisión de que non resulta necesaria a súa cobertura por non ser urxente.

Cuarta.- Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións ca os españois as persoas con nacionalidade estranxeira ás que se refire o apartado primeiro do artigo 52 da Lei 2/2015, así como os demais estranxeiros con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equiva-



lente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Os/As aspirantes que viñesen desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal. De non ser compatible a actividade que viñesen desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Celanova, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

f) Ter capacidade para ser contratado, conforme co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

g) Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o esixido para cada praza nas bases específicas.

h) Estar en posesión da titulación esixida en cada caso para cada praza, nos termos sinalados nas bases específicas ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagadas as taxas correspondentes para a súa expedición, no caso de non ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

2.- Os anteriores requisitos deberán reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

Quinta.- Forma e prazo de presentación de instancias.

1.- As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao alcalde do Concello de Celanova (segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases). Non obstante, no Rexistro Xeral do concello facilitaráselles aos/ás interesados/as un modelo de solicitude.

2.- O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3.- A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Celanova ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e data-das polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Cando se envíen as solicitudes por correo ou en rexistro distinto do do concello, os aspirantes deberán xustificar a data de imposición da solicitude na oficina de Correos ou no Rexistro Xeral da comunidade autónoma ou da Administración xeral do Estado e anunciarlle ao concello a remisión da solicitude o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o día de presentación e o nome do aspirante.

4.- As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo nas súas solicitudes e, de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

6.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, se ben os erros de feito que poidan

advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio ben a instancia de parte.

7.- As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Celanova, na seguinte dirección de URL:

<http://celanova.sedelectronica.es/info.0>

Sexta.- Documentación que deberá acompañar necesariamente á solicitude.

6.1.- Copia cotexada do DNI ou pasaporte.

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

6.2.- Copia cotexada da titulación esixida en cada posto concreto.

6.3.- Copia cotexada do título de galego esixido en cada posto concreto.

6.4.- Copia cotexada do carné de conducir, de ser necesario.

6.5.- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...) Debidamente cotexada.

Deberanse acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal), ou no SGC (Servizo Galego de Colocación).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas bases específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

6.6.- Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos aspirantes.

Sétima.- Admisión de aspirantes.

1.- Unha vez finalizado o prazo dos 10 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación, de ser o caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do concello.

2.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello, para poder corrixir ou emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. A Alcaldía, elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos, mediante resolución que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova. A dita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicarse a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de



outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova.

3.- O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos selectivos convocados, os cales deberán de ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Oitava.- Tribunal de selección

1.- Os membros do tribunal cualificador das probas selectivas convocadas serán designados polo alcalde axustándose ao disposto no artigo 4 parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local, e ao disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2.- A composición do tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas. Estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

1) Presidente: un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.

2) Secretario: un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.

3) Tres vogais: entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

3.- Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto. Os funcionarios propostos para formar parte do tribunal deberán ocupar unha praza integrada no mesmo grupo de titulación do esixido para o acceso ás prazas convocadas ou superior.

4.- As presidencias ou, no seu caso, os tribunais, poderán dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.- A Alcaldía, con anterioridade á realización das probas e xuntamente coa lista de admitidos e excluídos definitiva, publicará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6.- Os membros do tribunal deberán de absterse de intervir comunicándollo ao alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como cando realizan tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sec-

tor público. Unha vez constituído o tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

7.- O tribunal cualificador deberá constituírse o día que designe a Alcaldía para o proceso selectivo convocado, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

8.- O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou no seu caso, de quen os supla, e da metade, polo menos, dos seus membros. O tribunal axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e nas bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

9.- O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas, naqueles casos nos que resulte necesario, para que os/as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións, para a realización dos exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, chegado o caso, as adaptacións posibles de tempos e medios para a súa realización.

10.- Os membros do tribunal e os seus asesores, que asistan ás sesións deste, percibirán axudas de custo pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na contía e forma que resolva o alcalde. Para tales efectos, o tribunal cualificador terá a categoría que corresponda, segundo o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

11.- Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo tribunal, por maioría.

Novena.- Características das probas. Sistema de selección.

O procedemento de selección será o concurso-oposición, e constará de dúas fases. Na fase de oposición realizarase unha proba teórica e unha proba práctica, de carácter obrigatorias e eliminatorias, no tempo que indique o tribunal cualificador, relacionada coa natureza e funcións do posto que se vai desenvolver de acordo coas bases específicas. Os méritos a ter en conta, así como a proba teórica e práctica, determinanse e describíense nas bases específicas.

No que respecta á fase do concurso, esta fase non terá carácter eliminatorio, e os puntos obtidos nela non poderán terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición. Non se sumará a fase de concurso se non se supera a fase de oposición.

O tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avalíaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.



Para valorar os méritos será necesario que se presenten os documentos xustificativos destes; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (publicada no DOG nº 34 do 19 de febreiro de 2014)

O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

As probas para realizar determinaranse e describiranse nas bases específicas.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. Unicamente se sumará a fase de concurso se se supera a fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico de terse realizado. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

Décima.- Comezo dos exercicios. Cualificación dos méritos, realización da proba teórica e da proba práctica relación de aprobados

1.- O sistema selectivo é o de concurso-oposición.

2.- A Alcaldía determinará, mediante resolución, o día, hora e lugar no que deberá constituírse o tribunal, así como o día, hora e lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición das probas selectivas convocadas. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello, con, polo menos, tres (3) días de antelación.

A orde de actuación dos/as opositores/as para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea, determinarase mediante sorteo efectuado polos tribunais, en presenza dos/as aspirantes e inmediatamente antes do inicio da primeira proba que non poida realizarse de forma simultánea.

3.- A fase de concurso será previa á fase de oposición. Esta fase previa non será eliminatória, ni poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O tribunal reunirse para a valoración correspondente á fase de concurso. Esta valoración deberá finalizar antes do comezo das probas selectivas correspondentes á fase de oposición. No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos alegados, dando lugar a dúbidas do órgano cualificador, estes non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados. O tribunal publicará as cualificacións desta fase de concurso.

4.- Os/as aspirantes serán convocados para o primeiro exercicio da fase de oposición. Cada exercicio se realizará en chamamento único e perderán o seu dereito os/as aspirantes que non comparezan cando se realice, agás nos casos debidamente xustificadas que serán re-soltos de xeito motivado polo tribunal.

5.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica destes.

En calquera momento os tribunais poderán requirir ás persoas opositoras para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

6.- Unha vez concluído cada un dos exercicios da fase de oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

7.- Unha vez comezados os procesos selectivos, os sucesivos anuncios para realizar os restantes exercicios ou probas deberán facerse públicos no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova, polo menos con 12 horas de antelación cando se trate do mesmo exercicio, e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

De acordo co sinalado, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica, expóranse os resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova.

Unha vez rematado o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta ao órgano competente da contratación daquel/es/as que obtivese/n a máxima puntuación.

Os tribunais, en ningún caso, poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas no proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, o tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, que só se terá en conta para formularlle á Alcaldía a proposta coa relación de aprobados/as na que só se incluírá aquel/a aspirante que obtivese maior puntuación total final e que nunca poderá superar o número de prazas convocadas no proceso selectivo.

8.- Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os/as opositores/as.



9.- Desde a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 24 horas e un máximo de 30 días naturais, salvo consentimento dos/as aspirantes.

10.- Contra os acordos do tribunal poderá interporse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.-A cualificación final será o resultado da suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico de terse realizado. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

Décimo primeira.- Presentación de documentación e contratación.

1.- A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova, conterá unha advertencia lembrándolle á persoa aspirante aprobada que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para ser contratado para a praza convocada.

O/A/s aspirante proposto/a/s presentará no Rexistro Xeral do Concello de Celanova a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, sen prexuízo do posterior recoñecemento.

- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (Modelo anexo II)

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social, certificado do número de conta bancaria e modelo 145 (IRPF).

O prazo de presentación será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Celanova, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso. Os que dentro do prazo sinalado e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou nos casos nos que desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Deste modo, no caso de transcorrer o prazo máximo de 10 días previsto anteriormente, sen que a persoa proposta polo tribunal cualificador acredite documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para ser contratado sen causa xustificada, será proposto para a contratación quen lle siga en puntuación unha vez xustificase documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

A proposta elevada polo tribunal cualificador terá tamén a consideración de bolsa de emprego para futuras contratacións cando as necesidades do servizo o requiran. En caso de que a persoa seleccionada non aceptase o posto de traballo, sen máis trámite será ofertada a quen lle siga en puntuación e se tam pouco aceptase, adoptarase o mesmo procedemento cos seguintes ata que o posto quede cuberto. As persoas que non consigan a praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para os casos de baixa por incapacidade temporal do/a titular, baixa por maternidade e permiso de lactación, vacacións, permisos ou descansos do/a titular e vacante definitiva por renuncia voluntaria do/a titular. No caso de ter que acudir á devandita bolsa de traballo seleccionárase ao primeiro da lista

e só se pasará ao seguinte se o primeiro rexeitase o posto, e así sucesivamente. A renuncia á contratación implicará pasar ao final da lista. A vixencia da bolsa de emprego terá unha duración de tres (3.-) anos contados dende a contratación inicial ou un prazo menor para o caso de que se prevexan en propiedade as prazas das distintas categorías.

As contratacións laborais temporais quedan sometidas á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para os vindeiros exercicios para financiar as obrigas derivadas dos contratos laborais.

Décimo segunda.- Incidencias e vinculación das bases

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso-oposición en todo o non previsto nas bases.

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

As presentes bases vinculan ao Concello, ao órgano de selección e a quen participe nas probas selectivas. Tanto as bases, como cuantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros do órgano de selección serán persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Contra estas bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da precitada publicación destas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderase exercitar calquera outro recurso que se considere pertinente.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Texto refundido do estatuto básico do empregado público, o Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. De forma supletoria, serán de aplicación o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración xeral do Estado, así como demais normativa de aplicación.



Décimo terceira.- Medidas de prevención e seguridade aplicables a causa do covid-19

Todo o proceso será levado a cabo coas medidas de seguridade precisas para manter o distanciamento e hixiene necesarias para evitar calquera tipo de contaxio do Covid-19, para o cal os candidatos/as serán informados de maneira precisa sobre os protocolos de seguridade para aplicar en todo momento e deberán seguir as seguintes recomendacións:

- O uso de máscara será obrigatorio en todo momento.
- Deberá acudir só en todo momento, sen acompañantes, a non ser que sexa estritamente necesario, por motivos de saúde ou similares, que acuda acompañado.
- Hixienice as mans no momento da entrada a calquera instalación. Para estes efectos, atopará na entrada das oficinas do lugar de realización das probas un dispensador de xel desinfectante.
- Acuda co seu propio bolígrafo ás probas e evite compartir materiais.
- Evite dar a man e outras mostras de saúdo que comporten contacto físico estreito, tales como bicos e abrazos.
- Evite tocar o nariz, os ollos e a boca.
- Ao tusir ou esburrar, cubra a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Manteña unha distancia interpersoal de metro e medio con outras persoas.
- Non modifique nin altere de ningún modo a distribución de espazos existente nos lugares onde se desenvolvan as distintas fases do proceso selectivo, que estará optimizada para garantir as medidas de distanciamento social esixibles.
- En xeral, cumpra con todas aquelas medidas de prevención persoal recomendadas polas autoridades sanitarias.

Ao mesmo tempo, en todo o proceso debe evitarse a aglomeración de persoas dentro de espazos pechados, para o que o tribunal poderá establecer quendas na realización das probas pertinentes, en distintos horarios e días.

Na medida en que sexa posible e sempre que o tribunal de selección así o acorde, as reunións e sesións do tribunal poderán facerse de xeito virtual utilizando medios telemáticos.

B) Bases específicas

1) Contratación laboral temporal dunha persoa traballadora para a cobertura temporal do posto de traballo de operario limpeza viaria e de parques e xardíns para a cobertura temporal.

Primeira.- Número de traballadores para contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

- 1.- Número de traballadores/as para contratar: un/unha (1.-).
- 2.- Caracterización do contrato de traballo.

Tipo de contrato: Interinidade por vacante

Ocupación: Operario de limpeza viaria e parques e xardíns

Retribucións salariais anuais: De acordo co establecido no Orzamento xeral do Concello:

- Soldo anual: Grupo V: 8.333,08 euros mais a actualización dos orzamentos xerais do Estado para o 2021

- Complemento destino: 12

- Complemento específico anual: 2.742,40 euros

Tipo de xornada: Xornada completa (Distribuída segundo as necesidades do servizo)

Duración do contrato: Tempo que duren os procesos selectivos para a cobertura dos postos de traballo por laboral fixo, amortización dos postos de traballo ou decisión de que non resulta necesaria a súa cobertura por non ser urgente.

(O complemento específico é o que figura no orzamento xeral do Concello, operario/a limpeza viaria -parques e xardíns, vacantes a partir do que dispón a relación de postos de traballo para o posto de operario limpeza viaria e de parques e xardíns, actualizada)

3.- Cometidos:

Os establecidos na relación de postos de traballo vixente no Concello de Celanova:

1. Realizar o varrido manual e mixto, soprado, baldeo e limpeza de rúas, prazas e vías públicas.
2. Recollida de cascallos e outros residuos.
3. Vixiar e controlar o bo estado da vía pública, o seu mobiliario urbano dando conta ao seu responsable de calquera incidencia que poida existir.
4. Conducir máquinas varredoras sempre que sexa necesario por non existir o seu oficial titular.
5. Realizar operacións de carga e descarga de material.
6. Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas propias que se precisa para realizar o seu cometido realizando un mantemento básico e preventivo.
7. Prestar apoio ao persoal da brigada de obras municipal cando se le requira.
8. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Concello.

Segunda.- Requisitos específicos dos aspirantes.

As condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais e estar en posesión, como mínimo, de:

- Certificado de escolaridade ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fideligamente a súa homologación.

- Celga 2 ou equivalente. Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición

A solicitude deberase acompañar ademais da documentación que se sinala na base sexta das bases xerais.

Terceira.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición.

A) Fase de concurso.

B) Fase de oposición. De carácter eliminatoria.

Cuarta.- Desenvolvemento da fase concurso (máximo 10 puntos).

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, ben sexa en institucións públicas ou privadas: 0,10 puntos por mes ata o máximo de 6 puntos. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

No caso de non ter completado un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

b) Formación

Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo, que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de 2 puntos:

- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.
- De 16 a 40 horas: 0,20 puntos.
- De 41 a 70 horas: 0,35 puntos.
- De 71 a 100 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.

c) Estar en posesión do carné de conducir B: 1 punto.

d) Estar en posesión do carné de usuario de produtos fitosanitarios: 1 punto



Quinta.- Desenvolvemento da fase de oposición (máximo 40 puntos).

A fase de oposición constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio: (20 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas con 4 repostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das vinte preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. Cada pregunta acertada terá unha puntuación de 0,5. Cada pregunta fallada resta 0,10. As preguntas en branco nin suman nin restan.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de vinte (20.-) minutos

Segundo exercicio: (20 puntos)

Consistirá na realización de un ou varios exercicios prácticos que será cualificado de 0 a 20 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 10 puntos para superala sendo obrigatorio e eliminatorio.

Os exercicios consistirán en realizar un ou varios exercicios prácticos propostos polo tribunal relacionados co programa específico reflectido na base sexta que contén o temario da convocatoria, nos que se avalíen os coñecementos e destrezas prácticas do aspirante. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionando o dito contido con outros incluídos dentro do programa. Será necesario acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Puntuará como máximo 20 puntos.

Exercicio de proba de galego.

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (publicada no DOG nº 34 do 19 de febreiro de 2014)

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral. Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

Sexta. Temario operario limpeza viaria e de parques e xardíns

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estructura. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Breve idea do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- O termo municipal. A organización municipal: alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 4.- Limpeza de vías públicas. Materiais e ferramentas para empregar

Tema 5.- Reparación de vías e mobiliario. Materiais e ferramentas para empregar

Tema 6.- Sistemas de limpeza viaria: varrido, soprado e baldeo.

Tema 7.- Manexo de maquinaria e utensilios para limpeza viaria

Tema 8.- Tarefas de xardinería. Tecidos vexetais. O solo: función, principais labores de mantemento.

Tema 9.- Especies habituais en xardinería. Principais pragas e enfermidades no xardín. Métodos de control de malas herbas.

Tema 10.- Sistemas de rego: tipos e características.

Tema 11.- Maquinaria utilizada en xardinería: motores e tipos de máquinas. Uso e coidado da maquinaria e ferramentas

Tema 12.- Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 13.- Condicións de seguridade. Primeiros auxilios

II) Contratación laboral temporal dunha persoa traballadora para a cobertura temporal do posto de traballo de operario de limpeza viaria-condutor maquinista.

Primeira.- Número de traballadores para contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as para contratar: un/unha (1.-).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato: Interinidade por vacante

Ocupación: Operario de limpeza viaria-condutor maquinista

Retribucións salariais anuais: De acordo co establecido no orzamento xeral do Concello

• Soldo anual: grupo V: 8.333,08 euros mais a actualización dos orzamentos xerais do Estado para o 2021

• Complemento destino: 12

Complemento específico anual: 3.270,22 euros.

Tipo de xornada: Xornada completa (Distribuída segundo as necesidades do servizo).

Duración do contrato: Tempo que dure o proceso selectivo para a cobertura do posto de traballo por laboral fixo, amortización do posto de traballo ou decisión de que non resulta necesaria a súa cobertura por non ser urxente.

(O complemento específico é o que figura no orzamento xeral do Concello, para condutor, vacantes a partir do que dispón a relación de postos de traballo para o posto de operario limpeza viaria-condutor/mquinista, actualizada)

3.- Cometidos:

Os establecidos na relación de postos de traballo vixente no Concello de Celanova:

1. Realizar o varrido manual e mixto, soprado, baldeo e limpeza de rúas, prazas e vías públicas.

2. Recollida de cascallos e outros residuos.

3. Vixiar e controlar o bo estado da vía pública e do seu mobiliario urbano, dando conta ao seu responsable de calquera incidencia que poida existir.

4. Conducir máquinas varredoras, sempre que sexa necesario por non existir o seu oficial titular.

5. Realizar operacións de carga e descarga de material.

6. Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas propias que se precisan para realizar o seu cometido realizando un mantemento básico e preventivo.

7. Conducir e manexar as máquinas ou vehículos remolcados ou sen remolcar propias da limpeza da rede viaria municipal (rozadora, tractor-rozadora, etc.).

8. Prestar apoio ao persoal da brigada de obras municipal cando se lle requira.

9. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do concello.

Segunda.- Requisitos específicos dos aspirantes

As condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais e estar en posesión, como mínimo, de:

- Certificado de escolaridade ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado



para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fideligamente a súa homologación.

- Carné de conducir B.

- Celga 2 ou equivalente. Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

Á solicitude deberáselle acompañar ademais a documentación que se sinala na base sexta das bases xerais.

Terceira.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición.

A) Fase de concurso.

B) Fase de oposición. De carácter eliminatoria.

Cuarta.- Desenvolvemento da fase concurso (máximo 10 puntos).

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes ben sexa en institucións públicas ou privadas, 0,10 puntos por mes ata o máximo de 6 puntos. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

No caso de non ter completado un mes de traballo, valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

b) Formación

Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo, que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de 2 puntos:

- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

- De 16 a 40 horas: 0,20 puntos.

- De 41 a 70 horas: 0,35 puntos.

- De 71 a 100 horas: 0,50 puntos.

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.

C) Estar en posesión do carné de conducir: C: 2 puntos

Quinta.- Desenvolvemento da fase de oposición (máximo 40 puntos).

A fase de oposición constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio: (20 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas, con 4 repostas alternativas das que só unha será correcta, baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria e elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das vinte preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. Cada pregunta acertada terá unha puntuación de 0,5. Cada pregunta fallada resta 0,10. As preguntas en branco nin suman nin restan.

O tempo máximo pra a realización deste exercicio será de trinta (30) minutos

Segundo exercicio: (20 puntos)

Consistirá na realización de un ou varios exercicios prácticos que será cualificado de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 10 puntos para superalo sendo obrigatorio e eliminatorio.

Os exercicios consistirán en realizar un ou varios exercicios prácticos propostos polo tribunal e relacionadas co programa específico reflectido na base sexta que contén o temario da convocatoria, nos que se avalíen os coñecementos e destrezas

prácticas do aspirante. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante, analizando o contido das súas respostas e relacionando o dito contido con outros incluídos dentro do programa. Será necesario acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Puntuará como máximo 20 puntos.

Exercicio de proba de galego.

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (publicada no DOG nº 34, do 19 de febreiro de 2014)

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral. Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

Sexta. Temario operativo limpeza viaria e condutor-maquinista

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978.

Estructura. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Breve idea do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- O termo municipal. A organización municipal: alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 4.- Limpeza de vías públicas. Materiais e ferramentas para empregar

Tema 5.- Reparación de vías e mobiliario. Materiais e ferramentas para empregar

Tema 6.- Sistemas de limpeza viaria: varrido, soprado e baldeo.

Tema 7.- Manexo de maquinaria e utensilios para limpeza viaria

Tema 8.- Recomendacións xerais no uso de máquinas: recarga de combustible, equipos de protección individual. Coñecementos básicos de mecánica.

Tema 9.- Instrucións de mantemento de maquinaria. Recomendacións específicas para máquinas rozadoras e tractor-rozadora.

Tema 10.- Seguridade nos vehículos: elementos de seguridade nos vehículos. Seguridade no condutor: observación, anticipación.

Tema 11.- Seguridade na vía. Perigos concretos en curvas e interseccións. Condución en condicións climatolóxicas e ambientais adversas.

Tema 12.- Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 13.- Condicións de seguridade. Primeiros auxilios

Celanova, o día indicado na marxe

O alcalde. Asdo.: Antonio Puga Rodríguez

(Asinado electronicamente na marxe)

Conforme:

A xefa da Unidade de Servizos Xerais, Contratación, Recursos Humanos e Xestión de Persoal. Asdo.: Montserrat Campos Mondelo

(Asinado electronicamente na marxe)

Celanova, na data indicada na marxe.

O alcalde. Asdo.: Antonio Puga Rodríguez.

(Ver anexos páx. 41-45)



Anexo I

Solicitud de admisión a concurso oposición.

Contratación laboral temporal dunha (1) persoa traballadora para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos

Operario de limpeza viaria e de parques e xardíns

Concurso-oposición para a contratación laboral temporal dunha (1) persoa traballadora para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos.

Datos persoais:

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

SOLICITA ser admitido ao concurso-oposición para a contratación laboral temporal para o/s posto/s que a continuación se indica/n (marcar o/s recadro/s correspondente/s):

☐ Operario de limpeza viaria e de parques e xardíns



DECLARA (marcar os recadros correspondentes):

- ☐ Ser español.
- ☐ Ser nacional de (país membro da Unión Europea,): _____
- ☐ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- ☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos e posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- ☐ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- ☐ Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).
- ☐ Posuír o título de certificado de escolaridade ou equivalente e estar en posesión, como mínimo, da titulación específica esixida para o posto a cuxa contratación laboral opta.
- ☐ Ter capacidade para ser contratado, conforme ao Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

COMPROMÉTOME a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serme requirida, e, así mesmo, acepta o contido íntegro das bases da convocatoria incondicionalmente.

ACOMPAÑA:

- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Copia cotexada da titulación esixida.

- Certificado de escolaridade ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.

- ☐ Copia cotexada do título de galego.

- Celga 2

- ☐ Documentación acreditativa dos méritos que alega.

_____, ____ de _____ de 2020

Asinado: _____

- SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CELANOVA.



Anexo I

Solicitud de admisión a concurso oposición.

Contratación laboral temporal dunha (1) persoa traballadora para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos

Operario de limpeza viaria-condutor/maquinista

Concurso-oposición para a contratación laboral temporal dunha (1) persoa traballadora para a prestación do servizo público de competencia municipal de obras e servizos.

Datos persoais:

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

SOLICITA ser admitido ao concurso-oposición para a contratación laboral temporal para o/s posto/s que a continuación se indica/n (marcar o/s recadro/s correspondente/s):

☐ Operario de limpeza viaria- Conductor maquinista



DECLARA (marcar os recadros correspondentes):

- ☐ Ser español.
- ☐ Ser nacional de (país membro da Unión Europea,): _____
- ☐ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- ☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos e posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- ☐ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- ☐ Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).
- ☐ Posuír o título de certificado de escolaridade ou equivalente e estar en posesión, como mínimo, da titulación específica esixida para o posto a cuxa contratación laboral opta.
- ☐ Ter capacidade para ser contratado, conforme ao Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

COMPROMÉTOME a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente no caso de serme requirida, e, así mesmo, acepta o contido íntegro das bases da convocatoria incondicionalmente.

ACOMPAÑA:

- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Copia cotexada da titulación esixida.
- Certificado de escolaridade ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.
- Carné de conducir: B
- ☐ Copia cotexada do título de galego.
- Celga 2
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos que alega.

_____, ____ de _____ de 2020

Asinado: _____

- SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CELANOVA



Anexo II. Modelo de declaración xurada

D./D.^a _____, con DNI
núm. _____, número de teléfono _____,
con domicilio para estes efectos en
_____, e enderezo electrónico

- DECLARA baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

Operario de limpeza viaria e de parques e xardíns.

Operario de limpeza viaria e de condutor/maquinista

convocadas polo Concello de Celanova e, no seu caso, para os efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non está separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso do persoal laboral, non está despedido, mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non está inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

•

- Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

- Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e polo tanto non me atopo inmerso/a causa de incompatibilidade prevista legalmente.

_____, _____ de _____ de 2021

O/A solicitante. Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CELANOVA

Contra estas bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da precitada publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciase a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderase exercitar calquera outro recurso que se considere pertinente.